O grupo municipal do BNG en Celanova a través do seu concelleiro Leopoldo Rodríguez Puga, ó abeiro do disposto na LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALIZA e demais disposicións, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA O INVESTIMENTO DE PARTE DO REMANENTE DE TESOURERÍA NA ADQUISICIÓN POR PARTE DO CONCELLO DE DEPENDENCIAS NO MOSTEIRO DE CELANOVA** quedando á espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno, para o seu debate e, se procede, posterior aprobación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A suspensión en 2020 por parte do Ministerio de Hacienda da regra de gasto ligada á lei de estabilidade orzamentaria e a oportunidade que se abriu para que os concellos poidan utilizar o remanente de tesourería esixe das corporacións locais a máxima dilixencia na aplicación deste superávit a actuacións que axuden á veciñanza a responder o primeiro envite da crise e tamén a afrontar intervencións encamiñadas a conseguir mudanzas estruturais no modelo de desenvolvemento económico dos municipios.

O BNG leva pedindo desde hai un ano que se botaee man deste remanente e se executasen políticas de rescate das familias e da economía local. Xa advertimos no anterior pleno, en abril, que as medidas anunciadas agora, máis dun ano despois do inicio da pandemia, parecíanos frouxas e tímidas, por insuficientes.

Non recibimos resposta cando preguntamos o goberno municipal pola razón de investir só unha parte do remanente. Se non tiñan ideas para facelo, só tiñan que ter collido algunhas das máis de vinte actuacións que o BNG propuxo entre maio de 2020 e xaneiro deste ano, e que ademais foron aprobadas no pleno sen que o goberno local se teña dignado a explicar as razóns de non levalas adiante.

Malia o desprezo que este goberno local amosa polas decisións que democraticamente se adoptan nas sesións plenarias, o BNG de Celanova entende que é a súa responsabilidade insistir na necesidade de adoptar medidas contracíclicas desde a administración local e avanzar en cuestións estratéxicas aproveitando a posibilidade de utilizar o remanente tamén con visión de futuro.

Entre as decisións estratéxicas que leva décadas adiando a dereita -que nunca tivo nin terá interese ningún en propoñer transformacións económicas e sociais da vila e da contorna, porque o seu interese é que as cousas sigan igual para garantir a reprodución do caciquismo como eixo vertebrador da vida económica, social e política da vila e da contorna- está a dos usos das instalacións do mosteiro, que implican negociacións coa Igrexa para ampliar os usos civís dunhas edificacións que xa perderon para sempre o seu uso relixioso.

Ademais, esa decisión estratéxica determinará en parte a oportunidade de abrir Celanova cara un outro modelo de desenvolvemento económico e, polo tanto, social.

O BNG considera que o actual goberno municipal non ten a capacidade para afrontar ese debate sobre o futuro da vila cando a duras penas é capaz de manter a xestión ordinaria do Concello e logo dun ano aínda non foi quen de facer chegar un euro de axuda ás economías locais.

Mais o contexto é favorábel á intervención pública municipal, a través do gasto público, como nunca o foi nas dúas últimas décadas; e permite mesmo facer unha aposta para dirixir esa intervención pública cara o futuro que promoven as políticas verdadeiramente de esquerdas.

Non lle pedimos máis a este goberno que dea un pequeno paso nese camiño e negocie coa propiedade a incorporación (mediante adquisición) de todo o segundo andar deste corpo fachada do mosteiro de Celanova na que se sitúan as dependencias municipais, co obxectivo de garantir a titularidade pública e o uso público do que a medio prazo podería converterse nun equipamento da máxima dimensión patrimonial e cultural para a vila para usos futuros museísticos ou de outro tipo.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar ao Goberno Municipal a destinar a parte necesaria do remanente de tesourería á incorporación da propiedade completa e o uso público do segundo andar da fachada occidental do mosteiro de Celanova, no nº 1 da praza Maior.

Celanova, 18 de maio de 2021

Asdo. Leopoldo Rodríguez Puga.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CELANOVA.